

# O SOFTWARE LIBRE NAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS DE GALIZA

# 2008

# O SOFTWARE LIBRE NAS **PEMES** DE GALIZA



# FICHA TÉCNICA

**Universo:** 8.652 pequenas e medianas empresas do Directorio de Empresas da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, complementada con información procedente doutros directorios.

**Tamaño da mostra:** 450 entrevistas.


**Tipo de mostra:** Polietápica. Nun primeiro momento segmentouse a mostra en función de tres variables: tamaño de empresa segundo traballadores/as, provincia e grupo de actividade. A asignación da mostra foi proporcional segundo a provincia e a actividade económica e non proporcional segundo o tamaño de empresa para garantir a representatividade das medianas empresas, e posteriormente realizouse unha ponderación da mostra. Nun segundo momento a selección das empresas foi realizada de maneira aleatoria proporcional, en tanto que os entrevistados foron seleccionados en función da súa maior responsabilidade en materia informática na empresa.

**Erro da mostra:** No suposto dunha mostraxe aleatoria simple, baixo a hipótese xeral máis desfavorable ( $P=Q=0,5$ ) e cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas), o erro máximo admitido no cálculo dunha magnitude absoluta é de  $\pm 4,6\%$ .

**Tipo de entrevista:** Telefónica asistida por ordenador. Sistema CATI Bellwiew.

**Traballo de campo:** Do 22 setembro ao 17 outubro de 2008.

# EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE 2006-2008




Base: Total de empresas

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

A porcentaxe de pequenas e medianas empresas con software libre aumentou durante o período comprendido entre 2006 e 2008, cun incremento de 22,4 puntos nas pequenas empresas e de 34,7 puntos nas medianas empresas.

# APLICACIONES DE SOFTWARE LIBRE EMPREGADAS NAS EMPRESAS. 2008




Base: Total de empresas

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008.

As aplicacións de software libre máis empregadas son as relacionadas coa navegación por Internet, a ofimática, o xestor de correo, e a seguridade.

# NIVEL DE SATISFACCIÓN DAS EMPRESAS CO USO DO SOFTWARE LIBRE 2006-2008




Base: Empresas que usan software libre.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

O nivel de satisfacción co uso do software libre ten aumentado entre os anos 2006 e 2008. Nunha escala de 0 a 10 a puntuación outorgada é de 7,9, o que supón 1,8 puntos máis que en 2006. O incremento no grao de satisfacción é unha nota común para as pequenas e medianas empresas.

# PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS. 2006-2008.




Base: Empresas que usan software libre.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

As empresas que usan software libre consideran que o seu uso por parte do conxunto das empresas galegas aumentará nos próximos anos. Esta percepción veuse acentuada progresivamente ao longo do período comprendido entre 2006 e 2008.

# MOTIVOS POLOS QUE AS EMPRESAS NON USAN SOFTWARE LIBRE. 2006-2008.




Base: Empresas que non usan software libre.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

O descoñecemento ou a falta de información é a principal causa de que as empresas non usen o software libre. A unha notable distancia deste motivo, sinálase a continuación a complexidade do cambio, a incompatibilidade co sistema actual e a falta de formación.

# FORMACIÓN NO ÚLTIMO ANO AO PERSOAL ENCARGADO DAS ACTIVIDADES INFORMÁTICAS. 2006-2008




Base: Total de empresas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

A formación en materia informática recibida polo persoal encargado destas actividades nas empresas ten aumentado durante o período 2006-2008. A formación en software libre pasou de ter unha presenza testemuñal en 2006 a ter unha presenza máis significativa en 2008.

# ESTIMACIÓN DA EVOLUCIÓN DO SOFTWARE LIBRE NO MERCADO. 2006-2008.




Base: Total de empresas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

A maioría das empresas considera que a presenza do software libre no mercado aumentará nos próximos anos. Esta percepción mantense nuns niveis semellantes aos do ano 2007, polo que se consolida esta percepción sobre a súa evolución.

# PRINCIPAIS ACCIÓNS PARA PROMOVER O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS. 2008.



Base: Total de empresas.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

A demostración de produtos de software libre é considerada como a acción máis eficaz á hora de promocionar o software libre. A formación aos usuarios, o asesoramento personalizado e as xornadas de divulgación son outras das accións propostas, se ben están a unha notable distancia da primeira.

# CONCLUSIÓN

- Un terzo das empresas contan con software libre. A súa presenza aumentou 23,5 puntos porcentuais durante o período 2006-2008.
- As aplicacións de usuario son os produtos máis empregados de software libre, sobre todo as relacionados co navegador de Internet, ofimática, xestor de correo e seguridade.
- O nivel de satisfacción co uso do software libre acada unha puntuación de notable no conxunto das pequenas e medianas empresas. Ademais, as empresas prevén que o seu uso aumentará nas empresas nun futuro próximo, así como a súa presenza no mercado.
- O descoñecemento ou a falla de información segue a ser a principal causa pola que as empresas non usan o software libre.
- A formación en software libre do persoal encargado das actividades informáticas das empresas é baixa, se ben tende a aumentar lixeiramente nos últimos anos.
- A demostración de produtos de software libre é a principal acción recomendada para promover o seu uso dentro das pequenas e medianas empresas.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial  
e da Sociedade da Información



Fundación para o Fomento  
da Calidade Industrial e  
o Desenvolvemento  
Tecnolóxico de Galicia



**OBSERVATORIO GALEGO**  
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

**COLABORA**



**mancomun**

Centro de Referencia e Servizos de Software Libre

